

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Orde do 23 de marzo de 2006 pola que se aproban os estatutos do Colexio Provincial de Procuradores dos Tribunais de Ourense.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de acordo co Decreto 211/2005, do 3 de agosto).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da devandita competencia, dispón na súa disposición transitoria que os colexios profesionais que estivesen constituídos á entrada en vigor desta lei adaptarán os seus estatutos a ela.

Dando cumprimento a esta disposición o Colexio Provincial de Procuradores dos Tribunais de Ourense acordou en Xunta Xeral extraordinaria de 17 de novembro de 2004 a aprobación dos estatutos. Posteriormente fóronlle comunicados a esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade, tal como dispón o artigo 18.1º da Lei 11/2001, do 18 de setembro.

Tendo en conta o exposto, e verificada a adecuación á legalidade dos devanditos estatutos e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobar os estatutos do Colexio Provincial de Procuradores dos Tribunais de Ourense, que figuran como anexo á presente orde.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2006.

José Luis Méndez Romeu
 Conselleiro de Presidencia, Administracións
 Públicas e Xustiza

ANEXO

TÍTULO I

Do colexio, a súa organización e goberno

Capítulo I

Do colexio

Artigo 1º

O Colexio de Procuradores dos Tribunais de Ourense é unha corporación de dereito público, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, cuxo funcionamento e estrutura interna han ser democráticos.

O colexio denominarase Colexio de Procuradores dos Tribunais de Ourense.

1. A sede do colexio radica no edificio do Pazo de Xustiza de Ourense ou a que, cando cumpra, se determine en xunta xeral extraordinaria, en todo caso sempre dentro do territorio da cidade de Ourense.

2. O seu ámbito territorial circunscríbese a esta capital de Ourense, sede da Audiencia Provincial, e aos partidos xudiciais de Bande, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, A Pobra de Trives, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia; e aqueles que por lei lle correspondan, se creen ou adscriban a este colexio.

Artigo 2º

Son fins esenciais do colexio:

a) A ordenación, no ámbito da súa competencia e de acordo co previsto nas leis, do exercicio da profesión dentro do seu territorio.

b) A representación exclusiva da procuración e a defensa dos dereitos e intereses profesionais dos seus colexiados.

c) A formación profesional permanente dos procuradores.

d) O control deontolóxico e a aplicación do réxime disciplinario en garantía da sociedade.

e) A colaboración activa no correcto funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza.

Artigo 3º

Son funcións propias do colexio, dentro do seu territorio, as seguintes:

a) Exercer a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins e, especialmente, a representación e defensa da profesión ante calquera Administración pública, institución, tribunal, entidade e particular.

b) Informar, nos seus respectivos ámbitos de competencia, daqueles proxectos ou iniciativas lexislativas que lle afecten á procuración, cando así se lle requira.

c) Colaborar co poder xudicial e demais poderes públicos na realización dos estudos, informes, traballos estatísticos e demais actividades relacionadas cos seus fins.

d) Organizar e xestionar os servizos de quenda de oficio e xustiza gratuíta.

e) Participar en materias propias da profesión nos órganos consultivos da Administración, así como nos organismos interprofesionais, de conformidade cos supostos previstos na lexislación aplicable.

f) Asegurar a representación da procuración nos consellos sociais, nos termos establecidos nas normas que os regulen.

g) Organizar cursos de formación e perfeccionamento profesional e manter e propoñerlle ao Consejo Xeral ou Consello de Colexios de Comunidade Autónoma, se é o caso, a homologación de escolas de prácticas xurídicas e outros medios para facilitar o inicio da actividade profesional.

h) Ordenar a actividade profesional dos Colexiados, velando pola formación, a deontoloxía e a dignidade profesional e polo respecto debido aos dereitos dos particulares; exercer a potestade disciplinaria na orde profesional e Colexial e redactar os seus propios estatutos, normas de desenvolvemento das deontolóxicas e regulamentos de funcionamento, sen prexuízo do seu visado e aprobación definitiva pola consellería competente en materia de Colexios profesionais, e á parte do disposto na lexislación autonómica.

i) Organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os Colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial, de previsión e outros análogos, incluído o seguro obrigatorio da responsabilidade civil profesional, cando legalmente se estableza.

j) Procurar a harmonía e colaboración entre os Colexiados, impedindo a competencia desleal entre eles. Outorgarlle amparo, logo de deliberación da Xunta de Goberno, ao Colexiado que o solicite.

k) Adoptar as medidas conducentes para evitar e perseguir a intrusión profesional.

l) Intervir, logo da solicitude, en vías de conciliación ou arbitraje en cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os Colexiados, ou entre estes e os seus clientes.

m) Resolver as discrepancias que poidan xurdir en relación coa actuación profesional dos Colexiados e a percepción dos seus dereitos, mediante laudo ao que previamente se sometan de modo expreso as partes.

n) Cumprir e facerlles cumprir aos Colexiados as disposicións legais e estatutarias que afecten a profesión, así como velar pola observancia das normas e decisións adoptadas dos órganos Colexiais en materia da súa competencia.

o) A organización dos servizos e funcións que lle encomenden as leis, a Lei de axuízamento civil e outras normas procesuais.

p) Cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses da profesión, dos Colexiados e demais fins da procuración ou que veñan dispostas pola lexislación estatal ou autonómica.

q) Por medio da Asemblea Xeral, correspóndelle a delimitación da demarcación territorial para o exercicio profesional, de acordo co artigo 13 do Estatuto xeral de procuradores.

r) Coidar de que se celebre a festividade en honor do Santo Cristo de Ourense, patrón deste Colexio, podendo coincidir a dita conmemoración, por razóns de oportunidade, con algunha das xuntas xerais que se convoquen, preferentemente ordinaria.

Artigo 4º

O escudo distintivo do Colexio consistirá nun conxunto integrado polo escudo representativo da xustiza xunto co propio da cidade de Ourense, unidos ambos no seu vértice superior, cunha lixeira inclinación á dereita e á esquerda respectivamente, e conterá na súa parte superior a coroa real, todo isto orlado de loureiros e coa inscrición na parte inferior de Colexio Provincial de Procuradores de Ourense.

Artigo 5º

1. Este Colexio de procuradores rexeráse polas disposicións legais estatais ou autonómicas que lle afecten, polo Estatuto xeral, o do Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, polos seus estatutos particulares e regulamentos de réxime interior e polos acordos aprobados dos diferentes órganos corporativos no ámbito das súas competencias.

2. Para o funcionamento do Colexio haberá unha Xunta de Goberno elixida por el, na forma e coas atribucións que máis adiante se expresarán.

O Colexio de procuradores estará rexido polo decano, a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral, sen prexuízo daqueles outros órganos que se poidan constituír de acordo coas leis autonómicas ou normas aprobadas estatutariamente polo Colexio.

Capítulo II Da Xunta Xeral

Sección primeira Clases e atribucións

Artigo 6º

A Xunta Xeral é o órgano supremo de decisión do Colexio de Procuradores de Ourense.

Artigo 7º

Serán xuntas xerais as realizadas polo Colexio, logo da convocatoria feita pola Xunta de Goberno, baixo a presidencia do decano ou quen legalmente o substitúa.

Artigo 8º

As convocatorias da xunta serán realizadas por medio de comunicación escrita e dirixida a cada Colexiado, subscrita polo secretario, e nesta expresará a orde do día, o lugar, a data e a hora en que se deba levar a cabo, en primeira e segunda convocatoria. A dita comunicación cursarase cando menos con trinta días de antelación á data na que se efectuará a xunta.

Artigo 9º

As xuntas xerais serán ordinarias e extraordinarias.

Teñen dereito a asistir, con voz e voto, ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, todos os Colexiados incorporados con anterioridade á data en que se convoque a dita Xunta Xeral.

Artigo 10º

1. Haberá anualmente dúas xuntas xerais ordinarias:

a) A primeira Xunta Xeral ordinaria realizarase no primeiro trimestre de cada ano e, na súa orde do día, constará necesariamente o exame e votación do balance ou conta xeral de gastos ou ingresos do exercicio anterior, así como cantas cuestións considere de interese a Xunta de Goberno.

b) A segunda Xunta Xeral ordinaria realizarase o último trimestre de cada ano e, na súa orde do día, constará necesariamente a presentación do orzamento de ingresos e gastos para o ano seguinte, así como cantas cuestións considere de interese a Xunta de Goberno.

2. Ata cinco días antes da xunta, os Colexiados poderán presentar as proposicións que desexen someter a deliberación e acordo da Xunta Xeral, e que serán incluídas na orde do día para ser tratadas na parte denominada proposicións. Estas deberán aparecer subscrias, cando menos, polo vinte por cento do número de Colexiados.

Artigo 11º

1. A Xunta Xeral extraordinaria realizarase en calquera tempo, para tratar sobre asuntos que a motiven, a iniciativa do decano, da Xunta de Goberno ou a instancia dun terzo dos Colexiados.

2. A convocatoria das xuntas xerais extraordinarias farase por acordo da Xunta de Goberno, e seralles comunicada a todos os Colexiados mediante un escrito no que conste o lugar, o día e a hora en que ha de efectuarse a sesión, en primeira e en segunda convocatoria, e a orde do día.

3. O voto de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros, deberá producirse sempre en Xunta Xeral extraordinaria, convocada para ese só efecto.

4. A solicitude desa convocatoria de Xunta Xeral extraordinaria deberá ser subscria, como mínimo, por un terzo dos Colexiados exercentes, e expresará, con claridade, as razóns polas que se funde.

5. A Xunta Xeral extraordinaria, a que se fai referencia neste artigo, deberase levar a cabo dentro dos trinta días hábiles contados desde que se presente a solicitude, e non se poderán debater nela outros asuntos que os expresados na convocatoria. Ata transcorrido un ano non se poderá volver presentar outra moción de censura.

6. Para a válida constitución da dita Xunta Xeral extraordinaria requirirase a concorrencia persoal de

máis da metade do censo Colexial con dereito a voto, e o voto será sempre, nesta xunta, persoal, directo e secreto.

7. Para que prospere a moción de censura será necesario o voto positivo de dous terzos dos concorrentes.

Artigo 12º

Nas xuntas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias:

1. Non se poderá iniciar a sesión en primeira convocatoria se non se atopa presente o 50 por 100 dos Colexiados. En segunda convocatoria a xunta realizarase con aqueles que concorran, calquera que sexa o seu número.

2. Os acordos serán adoptados pola maioría simple de asistentes, salvo que para algunha cuestión puntual se exixa maioría cualificada.

3. Unha vez adoptados, os acordos das xuntas xerais serán obrigatorios para todos os Colexiados, sen prexuízo do réxime de recursos establecido no Estatuto xeral e nas normas reguladoras do procedemento administrativo.

4. Se reunida a Xunta Xeral, non puidese esta nunha sesión tratar todos os asuntos comprendidos na orde do día, xa sexa por falta de tempo ou outro motivo, suspenderase e continuará o día que no mesmo acto se sinale ou, se non, no que posteriormente sinale a Xunta de Goberno.

Artigo 13º

As atribucións da Xunta Xeral son:

1. Aprobar, se é o caso, as proposicións que de interese xeral se presenten ao seu sometemento.

2. Someter a exame e aprobación a liquidación de contas correspondente ao exercicio anterior e que deberá presentar oportunamente o tesoureiro, quen entregará unha copia detallada, cando menos, con dez días de antelación a todo Colexiado que a solicite.

3. Aprobar os orzamentos xerais de gastos e ingresos.

4. Aprobar cando cumpra as derramas que se houberse de facer entre os Colexiados cando iso fose necesario.

5. Examinar e someter a aprobación os acordos que polo seu carácter de urxencia ou calquera outra circunstancia lexítima fosen adoptados pola Xunta de Goberno e iso correspondese á xeral.

6. Aprobar o importe das cotas de incorporación de acordo co establecido polo artigo 50º.6 deste estatuto e as ordinarias que deban satisfacer os Colexiados, para o sostemento das cargas e servizos Colexiais.

7. A aprobación da xestión da Xunta de Goberno e do seu presidente.

Artigo 14º

Son atribucións das xuntas xerais extraordinarias as seguintes:

1. Realizar eleccións de cargos á Xunta de Goberno.
2. Cando se refira á adquisición de prestacións de orde asistencial, de previsión, seguros ou análogos.
3. A modificación e aprobación de estatutos e dereitos.
4. A interposición de voto de censura á Xunta de Goberno ou a calquera dos seus membros en particular.
5. Instaurarlles a concesión con carácter permanente ou circunstancial de préstamos, axudas económicas, doazóns e pensións aos colexiados, modificar as súas contías ou acordar a supresión de calquera delas.
6. O investimento dos fondos do colexio, cando se pretenda, fóra das potestades que a este respecto lle corresponden á Xunta de Goberno.
7. A adquisición, alleamento ou gravame de bens inmobles.

Artigo 15º

Cando a convocatoria da Xunta Xeral fose solicitada polos colexiados e esta se funde na moción de censura á Xunta de Goberno ou a calquera dos seus membros, detallarase ademais na dita solicitude os motivos desta.

Artigo 16º

Non poderán transcorrer máis de dez días hábiles desde a solicitude de xunta polos colexiados ata a súa convocatoria e vinte días hábiles desde esta ata a súa realización.

Sección segunda

Do modo de proceder nas xuntas xerais

Artigo 17º

Aberta a sesión, lerá a acta da Xunta Xeral anterior o secretario ou quen o substitúa. Se, verbo do contido da acta, se pretendese algunha observación por parte dalgún colexiado, concederáselle a palabra para este único obxecto. Posteriormente, someterase a aprobación, e será válido o acordo da maioría.

Artigo 18º

O decano-presidente someterá posteriormente a discusión da xunta as cuestións sobre as que deba recaer o acordo.

Artigo 19º

Soamente poderán facer uso da palabra tres colexiados en favor dunha cuestión concreta e outros tres en contra. Esta declararase suficientemente debatida cando se consumisen estas quendas, que excepcionalmente poderán ser ampliadas polo presidente.

Artigo 20º

Os compoñentes da Xunta de Goberno poderán facer uso da palabra sen consumir a súa quenda.

Artigo 21º

A presidencia está facultada para ampliar ou estender o debate cando a gravidade do asunto así o aconselle. Tamén poderá acordar o peche dunha discusión se a considera suficientemente debatida.

Artigo 22º

En todas as discusións concederase a palabra na orde en que se pedise.

Artigo 23º

Quen estea no uso da palabra non poderá ser interrompido, salvo para ser chamado á orde, ben por traer cuestións alleas ao tema que se discute ou por reincidir no xa dito ou no anteriormente debatido.

Artigo 24º

Serán chamados á orde:

1. Os que profiran palabras ou vertan conceptos ofensivos ao decoro da Xunta Xeral, dos seus asistentes ou de calquera persoa, entidade ou institución.
2. Cando retirada a palabra a un orador, pretendese continuar no uso daquela.
3. Cando con interrupcións deliberadas ou por calquera outro medio se altere a orde das xuntas xerais.

De todo o anterior farase constancia na acta.

Artigo 25º

Se na discusión ou lectura de documentos se crese aludido algún dos colexiados presentes, poderá facer uso da palabra para contestar e defenderse, logo da petición desta ao presidente. Da mesma forma procederase se algún dos presentes se crese na obriga de saír en defensa dalgún colexiado ausente. Neste último caso só terá dereito a unha intervención.

Artigo 26º

As cuestións de orde terán preferencia sobre calquera outra.

Sección terceira
Das votacións

Artigo 27º

Para adoptaren acordos válidos, as xuntas xerais deberán estar reunidas estatutariamente e coa asistencia sinalada nos presentes estatutos, e aprobadas por maioría simple as cuestións sometidas a discusión, sen prexuízo doutros sistemas ou porcentaxes de maioría que para casos concretos se establecen nestes estatutos.

Artigo 28º

Terán o mesmo dereito de voto todos os colexiados.

Artigo 29º

As votacións serán xerais ou a man alzada, nominais e secretas, e procederase das dúas últimas formas cando o soliciten ao menos dez dos colexiados presentes e, se é o caso, sometido a posterior votación xeral. Serán secretas nas eleccións para cargos da xunta, para mocións de censura e cuestións de confianza.

Artigo 30º

Non serán válidos os votos delegados.

Artigo 31º

Poderá efectuarse o voto por correo na forma establecida no artigo 64º.2 deste estatuto.

Artigo 32º

As votacións non se poderán interromper salvo por causa de forza maior e durante o seu desenvolvemento non se concederá o uso da palabra.

Artigo 33º

A votación xeral ou a man alzada levarase a cabo por decisión da presidencia, levantarana primeiro os que aproben, posteriormente os que desapoben e finalmente os que se absteñan.

O secretario fará o recuento e se houberse dúbidas ou o reclamasen máis de dez colexiados presentes, repetirase a votación.

Artigo 34º

A votación nominal desenvolverase co nomeamento do secretario a cada un dos membros presentes, por orde alfabética, que irán pronunciándose acerca da cuestión, e da que se efectuará a oportuna anotación.

Artigo 35º

A votación secreta farase por medio de papeletas que deberá proporcionar previamente a Xunta de Goberno. O secretario chamará os colexiados para votaren, por orde alfabética, e depositará as papeletas na urna destinada para o efecto.

Artigo 36º

As papeletas a que se fai referencia no artigo anterior serán as proporcionadas pola secretaría do colexio, e non será válida ningunha outra que se presente. Inserirase a expresión «non válida», de ser o caso.

Artigo 37º

O recuento de votos será realizado polos presidentes ou presidente da mesa, segundo o caso, con dous interventores que poderán designar os colexiados.

Artigo 38º

As papeletas serán extraídas da urna, unha a unha, e o presidente lerá en voz alta o contido de cada unha delas. Finalizado o escrutinio, o decano-presidente fará público o resultado.

Artigo 39º

As impugnacións non suspenderán a executividade dos acordos salvo que se dispoña outra cousa.

Capítulo III**Da Xunta de Goberno****Sección primeira**

A súa composición e requisitos nos colexiados

Artigo 40º

A Xunta de Goberno do Colexio de Procuradores de Ourense, é o órgano colexiado para a administración e dirección do colexio, e estará composta polos seguintes membros: decano-presidente, vice-

decano, secretario, vicesecretario, tesoureiro, vicesecretario e vogais-delegados de partidos, se se nomeasen. Os que a desempeñen poderán usar como distintivo, nos actos oficiais, a medalla creada por real decreto do 26 de xuño de 1913.

Artigo 41º

Todos os cargos son honorarios e gratuítos e poderán ser desempeñados unicamente por colexiados exercentes, de pleno dereito e cunha antigüidade ininterrompida no exercicio da profesión de polo menos cinco anos, excepto para o de decano, que deberá levar dez ininterrompidamente. Os cargos de secretario e tesoureiro só poderán recaer en colexiados exercentes en Ourense.

Os membros da Xunta de Goberno levarán sobre a toga os atributos propios dos seus cargos, en audiencia pública e actos solemnes aos que asistan en exercicio do seu cargo.

Artigo 42º

Non poderá ser elixido membro da Xunta de Goberno calquera colexiado que fose sancionado por vía de corrección disciplinaria en calquera colexio, salvo que fose previamente rehabilitado. Tampouco aqueles que se encontren condenados por sentenza firme que leve aparelhada a inhabilitación ou suspensión de cargo público.

Artigo 43º

A duración dos cargos será por un período de catro anos, transcorridos os cales deberán someterse a nova elección.

Cando haxa vacantes na Xunta de Goberno serán cubertas na primeira Xunta Xeral ordinaria que se leve a cabo desde que se producisen as vacantes.

Estes cargos ocuparanse polo tempo que faltase para completar o mandato do cargo vacante.

Artigo 44º

Todos os cargos son obrigatorios polo período determinado, salvo os supostos contemplados no artigo 51º.

Artigo 45º

No caso de que non houberse candidato voluntario para algún cargo da Xunta de Goberno, procederase en votación secreta á elección de calquera colexiado que cumpra os requisitos exixidos nos artigos 41º e 42º, que estará obrigado á aceptación do cargo.

Artigo 46º

Se por causa de forza maior, o colexiado que resultase elixido polo procedemento do artigo anterior no puidese exercer o cargo, este recaerá no seguinte máis votado.

Artigo 47º

A Xunta de Goberno reunirase cando menos unha vez ao mes, logo da súa convocatoria polo decano, que se cursará xuntamente coa orde do día a todos os membros, como mínimo con corenta e oito horas

de antelación, salvo que a urxencia do tema o xustifique doutro modo. Na convocatoria expresarase o lugar, o día e a hora en que se deba realizar a sesión.

Serán válidas as sesións de goberno nas que sen se cumprir os requisitos para ser convocada en forma, asistirán a totalidade dos seus membros.

Se o decano non convocara Xunta de Goberno de acordo co establecido nos números anteriores, esta poderase convocar a iniciativa da metade dos membros que a compoñan, con establecemento da orde do día e asuntos que haxa que tratar.

Artigo 48º

Para que a Xunta de Goberno poida quedar validamente constituída, será necesaria a concorrencia, cando menos, da metade dos seus membros e a presenza do decano e secretario ou quen os substitúan.

Sección segunda

Réxime xurídico dos actos e acordos da Xunta de Goberno

Artigo 49º

Os acordos adoptaranse por maioría de votos, en caso de empate decidirá o voto de quen actúe como decano.

1. Todos os acordos deste órgano colexial serán inmediatamente executivos, salvo que o propio acordo estableza outra cousa.

2. Calquera acto deste colexio de procuradores que sexa consecuencia do exercicio de potestades administrativas rexerese, con carácter supletorio, pola lexislación administrativa común, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As causas de nulidade e de anulabilidade dos actos colexiais serán as previstas nas normas administrativas vixentes.

4. A Xunta de Goberno deberá, en todo caso, suspender e revisar de oficio ou formular recurso contra os actos nulos de pleno dereito.

5. As persoas con interese lexítimo poderán formular recurso ante o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, contra os acordos da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral de calquera colexio de procuradores, dentro do prazo dun mes desde a súa publicación ou, se é o caso, notificación aos colexiados ou persoa a quen afecte, salvo que a lexislación autonómica dispoña outra cousa.

6. O recurso será presentado ante a Xunta de Goberno que ditou o acordo, que llo deberá elevar, cos seus antecedentes e o informe que proceda, ao Consello Galego dentro dos quince días seguintes á data de presentación, salvo que de oficio repoña o seu propio acordo no dito prazo. O Consello Galego, logo dos informes que coide pertinentes, deberá ditar resolución expresa dentro dos tres meses seguintes

á súa interposición, e entenderase que en caso de silencio queda denegado. O recorrente poderá solicitar a suspensión do acordo recorrido e a Comisión Permanente do Consello Galego poderá acordala ou denegala motivadamente.

7. En materia de recursos administrativos, observaranse as seguintes especialidades:

a) A Xunta de Goberno estará lexitimada para formular recurso contra os acordos das xuntas xerais, na forma e prazos que determine a lexislación administrativa vixente.

b) Se a Xunta de Goberno entendese que o acordo obxecto de recurso é nulo de pleno dereito ou gravemente prexudicial para os intereses do colexio, poderá solicitar a suspensión do acordo obxecto de recurso e a Comisión Permanente do Consello Galego poderá acordala ou denegala motivadamente.

8. Os actos emanados das xuntas xerais e da Xunta de Goberno, en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, e unha vez esgotados os recursos corporativos, serán directamente recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa.

9. Os prazos deste estatuto expresados en días, entenderanse referidos a días hábiles, salvo que expresamente se diga outra cousa.

10. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común aplicarase a cantas resolucións supoñan exercicio de potestades administrativas, conforme establece a disposición transitoria primeira desta. En todo caso, a dita lei terá carácter supletorio para o non previsto neste estatuto e no Estatuto xeral.

Sección terceira

Atribucións da Xunta de Goberno

Artigo 50º

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

1. Someterlle á Xunta Xeral asuntos concretos de interese do colexio ou da profesión, na forma que a propia xunta estableza.

2. Resolver sobre as solicitudes de incorporación, baixa e xubilación dos colexiados. En caso de urxencia, o decano poderá resolver sobre a solicitude, que quedará sometida á ratificación da Xunta de Goberno.

3. Vixiar, co maior celo, que os colexiados se conduzan de forma adecuada na súa relación cos tribunais, cos seus compañeiros procuradores e cos seus clientes, asegurando que no desempeño da súa función, despreguen a necesaria dilixencia e competencia profesional.

4. Exercitar as accións e actuacións oportunas para impedir e perseguir a intrusión, non permitindo o exercicio da profesión a quen, colexiado ou non, a exercese en forma e baixo condicións contrarias ás legalmente establecidas, sen excluír as persoas, naturais ou xurídicas, que faciliten o exercicio profesional irregular.

5. Aplicar as condicións e requisitos de acceso, o funcionamento e a designación das quendas de oficio e xustiza gratuíta, de acordo coa normativa legal vixente.

6. Propoñerlle á Xunta Xeral o importe das cotas de incorporación, co límite que veña determinado polo Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais, e as ordinarias que deban satisfacer os Colexiados para o sostemento das cargas e servizos Colexiais.

7. Propoñerlle á Xunta Xeral o establecemento de cotas extraordinarias aos seus Colexiados.

8. Recadar o importe das cotas e das pólizas establecidas para o sostemento das cargas do Colexio, do Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, se é o caso, do Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais e da Mutualidade de Previsión Social dos Procuradores dos Tribunais de España, así como dos demais recursos económicos previstos neste Estatuto xeral, e dispoñer a cobranza das cantidades que lle correspondan ao Colexio por calquera concepto, a exacción das multas que se lles impongan aos Colexiados e outros ingresos e o pagamento dos gastos da corporación.

9. Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno, dispoñendo o necesario para a súa elección, conforme as normas legais e estatutarias.

10. Convocar xuntas xerais, ordinarias e extraordinarias, por propia iniciativa ou por instancia dos Colexiados, na forma establecida nos presentes estatutos.

11. Exercer as facultades disciplinarias, respecto aos Colexiados, de acordo co Estatuto xeral, estatutos do Consello Galego de Procuradores dos Tribunais e aos particulares do Colexio, instruíndo, para o efecto, o oportuno expediente.

12. Redactar ou modificar os estatutos e regulamentos de réxime interior do Colexio, e sometelos á aprobación da Xunta Xeral, antes de llos remitir á consellería competente para a súa aprobación definitiva.

13. Establecer, crear ou aprobar as delegacións ou comisións de Colexiados que sexan necesarias para o bo réxime ou que interesen aos fins da corporación, regulando o seu funcionamento, fixando as facultades, se é o caso, delegadas e designando, entre os seus Colexiados, os seus integrantes.

14. Vixiar para que, no exercicio profesional, os Colexiados desempeñen as súas funcións co decoro, dilixencia, probidade e demais circunstancias exixibles ao procurador, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os Colexiados, impedindo a competencia desleal, conforme a legalidade vixente.

15. Informar os Colexiados, con prontitude, de cantas cuestións coñezan que poidan afectarlles, xa sexan de índole corporativa, Colexial, profesional ou cultural.

16. Defender os Colexiados no desempeño das súas funcións da profesión, ou con ocasión destas, cando o coide procedente e xusto, velando para que sexan gardadas, a todos e cada un dos Colexiados, as consideracións que lles son debidas.

17. Promover, ante o Goberno central, os gobernos autonómicos, os gobernos locais e os órganos de Goberno do Poder Xudicial, as autoridades, o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais ou ante o Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais, canto se considere beneficioso para o interese común e para a recta e pronta Administración de xustiza ou conveniente á corporación.

18. Exercitar os dereitos e accións que lle correspondan ao Colexio e, en particular, contra quen entorpeza o bo funcionamento da Administración de xustiza ou a liberdade e independencia do exercicio profesional.

19. Distribuír e administrar os fondos do Colexio, dispoñendo o máis conveniente aos seus intereses, respecto á situación ou investimento destes, por proposta do tesoureiro e dándolle conta do acordado á Xunta Xeral. Para adquirir, allear ou gravar bens inmoebles precisará a aprobación da Xunta Xeral.

20. Convocar, para maior información, a calquera dos Colexiados. Estes comparecerán á convocatoria salvo escusa xustificada.

21. Redactar as bases polas que se han rexer os concursos que se convoquen para cubrir as prazas de empregados do Colexio, e proceder á contratación destes, xa sexa con ocasión de vacante ou de prazas de nova creación, en función das necesidades da corporación.

22. Vixiar, programar e controlar a actividade dos departamentos e servizos Colexiais.

23. Resolver, segundo corresponda, as reclamacións que se lle fixesen ao Colexio respecto dalgún dos seus Colexiados.

24. Manter coas autoridades, corporacións e entidades oficiais a comunicación e relacións que a cada Colexio lle corresponde e, en particular:

a) Emitir os informes, ditames, consultas e demais documentos que se soliciten do Colexio.

b) Organizar o servizo de notificacións ao que se refire o artigo 272 da Lei orgánica do poder xudicial, así como calquera outro servizo que, por lei, lle puidese ser atribuído ao Colexio.

c) Desempeñar as funcións que lles atribúen aos Colexios a Lei de asistencia xurídica gratuíta.

d) Facer as designacións que ao Colexio lle correspondan dos membros de comisións ou órganos regulados pola dita lei.

25. Executar os acordos adoptados pola Xunta Xeral.

26. Resolver as solicitudes e o nomeamento de oficiais habilitados de acordo coa regulamentación vixente en cada momento.

27. E cantas outras establezan as leis, o Estatuto xeral e o do Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, así como os correspondentes regulamentos.

Artigo 51º

1. Os membros da Xunta de Goberno do Colexio de Procuradores dos Tribunais de Ourense, cesarán polas seguintes causas:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Ausencia inicial ou perda sobrevida dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do prazo para o que foron elixidos ou designados.
- e) Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas, no termo dun ano, logo do acordo da propia xunta.
- f) Se se aprobase unha moción de censura.
- g) Se non fose aceptada a cuestión de confianza que se presente.

2. Cando, por calquera causa, queden vacantes máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno, o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais ou, se non, o Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais designará unha xunta provisional, de entre os Colexiados exercentes con maior antigüidade, a cal convocará eleccións dentro dos trinta días seguintes ao da súa constitución. Esta xunta provisional cesará cando tomen posesión os candidatos que resulten elixidos, e só poderá tomar acordos que sexan de carácter urxente e inaprazable.

3. É obrigación de todos os Colexiados comunicarlle inmediatamente ao Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais e, se é o caso, ao Consello Galego de Procuradores dos Tribunais, que se produciu a situación a que se refire o artigo anterior.

4. A aceptación dos designados para integrar a Xunta de Goberno será inescusable e irrenunciabile.

Sección cuarta

Da elección dos seus membros

Artigo 52º

Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos entre os Colexiados exercentes e sempre que non concorran neles algunhas das limitacións que se expresan nos artigos 41º e 42º.

Artigo 53º

Os cargos á Xunta de Goberno terán unha duración de catro anos, e renovaranse parcialmente cada dous. As primeiras eleccións efectuaranse para o nomeamento de vicedecano, secretario e tesoureiro. Na segunda, o decano, vicesecretario e vicetesoureiro.

Artigo 54º

1. Sempre que haxa eleccións, cubriranse tamén os cargos que se encontren vacantes, pero neste caso,

a duración destes será polo tempo que medie ata completar o período que lle faltaba a quen producise a vacante.

2. Cando se produza a renovación total dos membros da Xunta de Goberno ou a renovación parcial, en porcentaxe igual ou superior ao 80% do total dos seus membros, o Colexio, logo do acordo da Xunta Xeral convocada para o efecto, deberá ser auditado, por un auditor de contas titulado, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

Artigo 55º

Se entre unha e outra elección se producise máis de dúas vacantes, procederase á súa elección nun prazo máximo de sesenta días, contados a partir do momento en que se produce a segunda delas. A duración destes cargos será a determinada no artigo anterior.

Artigo 56º

As eleccións levaranse a cabo mediante Xunta Xeral extraordinaria, convocada pola Xunta de Goberno, e ateranse aos seguintes criterios:

1. A convocatoria anunciarase cun mínimo de trinta días naturais antes da realización das eleccións.

2. Dentro dos tres días naturais seguintes ao da data de convocatoria, a secretaría do Colexio, daralles coñecemento aos Colexiados, mediante a publicación no taboleiro de anuncios, dos puntos seguintes:

- a) Cargos que han ser obxecto de elección e requisitos para poder optar a cada un deles.
- b) Publicaranse por este medio a relación de Colexiados exercentes con dereito a voto.

3. A votación será directa e secreta, na que poderán participar como electores todos os Colexiados.

Artigo 57º

As candidaturas deberán presentarse na secretaría do Colexio, cando menos con vinte días naturais de antelación á data sinalada para a realización da Xunta Xeral.

Artigo 58º

As candidaturas presentaranse por escrito na secretaría, e conterán a expresión do cargo ao que se opta, e en sobre pechado, que permanecerá baixo a custodia do secretario ata o día da súa publicación, o seguinte tras expirar o prazo de presentación.

Artigo 59º

As candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos ou individuais para algún determinado, e deberán estar sempre subscritas polos propios candidatos.

Artigo 60º

Ningún Colexiado poderá presentarse a máis dun cargo simultaneamente, dos que deban ser elixidos na mesma convocatoria.

Artigo 61º

Os colexiados que pretendan formular reclamación contra as listas de electores deberán facelo dentro dos tres primeiros días naturais seguintes á publicación destas, e a Xunta de Goberno pronunciarse dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas, polo que lle notificará a resolución a cada reclamante no termo de dous días.

Artigo 62º

Unha vez transcorrido o prazo para a presentación de candidaturas, a Xunta de Goberno convocará un representante de cada unha delas, quen consignará previamente o seu nome na secretaría para este fin e, na súa presenza, abriranse os sobres, e levantará acta o secretario. A continuación proclamaranse os candidatos, sempre que reúnan os requisitos establecidos nos presentes estatutos.

Artigo 63º

Os candidatos que non teñan opoñente, considéranse electos no mesmo acto da súa proclamación, e deberán ser posteriormente ratificados pola Xunta Xeral extraordinaria sen necesidade de someterse a votación.

Artigo 64º

1. O modelo de papeletas mediante as que se exercerá o voto será aprobada pola Xunta de Goberno e os candidatos ou os seus representantes no caso de candidaturas conxuntas. As ditas papeletas serán entregadas polo colexio aos candidatos ou representantes con dezaoito días de antelación á Xunta Xeral extraordinaria.

Na Xunta Xeral en que se deban realizar as votacións, unicamente serán admitidas estas papeletas oficiais.

2. Cando algún elector prevexa estar ausente o día da votación ou non poder comparecer, poderá exercer o seu dereito por correo, segundo os seguintes requisitos:

a) Cunha antelación mínima de dez días, remitirá o seu voto na papeleta oficial, que introducirá nun sobre que será pechado e, ao mesmo tempo, introducido noutro maior, no que tamén se incluírá unha copia do documento nacional de identidade do elector, quen asinará sobre esta.

b) O envío mandaráselle ao Colexio de Procuradores, e farase constar xunto aos datos persoais: para a mesa electoral. O colexio rexistrará a entrada destes envíos e, sen abrir o sobre, entregaráselle á mesa electoral o día da votación.

Non serán válidos os votos presentados fóra do prazo previsto.

Artigo 65º

A mesa para a elección estará formada polo decano-presidente, o vicesecretario e os dous procuradores máis recentemente colexiados que estean presentes, os cales exercerán de escrutadores. Da mesma forma será constituída a mesa polo vicedecano e secretario cando os anteriores cargos sexan sometidos a elección.

Artigo 66º

De se suscitar cuestión sobre a nulidade ou validez dalgún voto, ou por calquera outro motivo diferente á elección, decidirán no acto os membros da mesa, prevalecerá o acordo da maioría e decidirá o presidente en caso de empate.

Artigo 67º

Finalizada a votación, procederáse ao escrutinio, e lerase en voz alta cada unha das papeletas.

Artigo 68º

As papeletas que conteñan borróns, riscadelas ou expresións alleas ao contido da votación serán declaradas nulas.

Artigo 69º

As papeletas que conteñan erro na elección dun cargo serán declaradas parcialmente nulas con respecto a este, pero válidas canto ás que estean debidamente cubertas.

Artigo 70º

As urnas destinadas ás eleccións poderán ser previamente examinadas polos colexiados presentes no acto.

Artigo 71º

Constituída a mesa, iniciarase o acto, logo do anuncio do presidente.

Artigo 72º

Para proceder á votación, a presidencia chamará a cada un dos colexiados que se atopen incluídos na lista previamente publicada, seguindo a orde alfabética establecida nela.

Artigo 73º

Depositado o voto polos presentes, a continuación farano os compoñentes da mesa, posteriormente introduciranse na urna os votos emitidos por correo, e o presidente dará o acto por finalizado.

Artigo 74º

Terminada a votación, procederáse ao escrutinio, o presidente sacará unha a unha as papeletas da urna, leraas en voz alta e o secretario e os escrutadores farán a oportuna anotación.

Artigo 75º

Os colexiados que votasen poderán examinar as papeletas unha vez anunciado o resultado da votación.

Artigo 76º

O resultado da votación anotarase na acta, que será asinada polos compoñentes da mesa.

Artigo 77º

En caso de empate, entenderase elixido o de maior tempo de exercicio no colexio e, se se mantivese o empate, o de maior idade.

Artigo 78º

1. Tras o anuncio do resultado, a mesa declarará elixidos para os correspondentes cargos á Xunta de Goberno os que obtivesen maioría de votos e os que por falta de opoñentes non se sometesen a votación, os cales tomarán posesión dos seus cargos no acto, que lles será comunicado ao Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais, Consello Galego de Procuradores, tribunais e demais organismos competentes.

2. Os candidatos proclamados electos tomarán posesión, conforme o establecido nos presentes estatutos, logo do xuramento ou promesa de cumprir lealmente o cargo respectivo e gardar segredo das deliberacións da Xunta de Goberno. Cando os candidatos electos tomen posesión do seu cargo, cesarán os substituídos.

3. A Xunta de Goberno impedirá a toma de posesión ou decretará o cesamento daqueles candidatos elixidos dos que teña coñecemento de se atoparen incursos en calquera das situacións expresadas no artigo 42 deste estatuto, unha vez oído o afectado. A resolución que se adopte será susceptible de recurso de acordo coas previsións deste estatuto.

Sección quinta
Do decano

Artigo 79º

Correspóndelle ao decano presidir o colexio e a súa Xunta de Goberno, así como desempeñar en todo momento a representación legal do colexio.

Correspóndelle ao decano o tratamento de Ilustrísimo Señor, e tanto o dito tratamento coma a denominación honorífica de decano, desempeñárase con carácter vitalicio.

Terá a condición honorífica de presidente de Sala da Audiencia. En audiencia pública e actos solemnes aos que asista, levará voos na súa toga así como as medallas e placas correspondentes ao seu cargo.

Artigo 80º

Son funcións do decano:

1. A representación legal do colexio en todas as súas relacións, incluídas as que manteña cos poderes públicos, entidades, corporacións e personalidades de calquera orde; as funcións de consello, vixilancia e corrección que os estatutos reserven á súa autoridade; a presidencia de todos os órganos colexiais así como a de cantas comisións e comités especiais asista; dirixir os debates e votacións deses órganos, comisións e comités, con voto de calidade en caso de empate e a proposta dos procuradores que deban formar parte de tribunais de oposicións ou concursos.

2. Dirixir as discusións e manter en todo momento a orde nestas.

3. Abrir, suspender e pechar as sesións.

4. Xestionar cando conveña en interese do colexio e do exercicio da profesión.

5. En caso de ser requirido en virtude de norma legal ou avisado pola autoridade xudicial gubernativa competente para a práctica dun rexistro no despacho profesional dun procurador, deberá comparecer no dito despacho e asistir ás dilixencias que neste se efectúen e velar pola salvagarda do segredo profesional ou, neste mesmo caso, ser solicitada a súa presenza polo procurador incurso no procedemento.

6. Executar os acordos da Xunta de Goberno.

Sección sexta
Do vicedecano

Artigo 81º

Corresponderalle ao vicedecano substituír o decano en ausencias, enfermidades e vacantes. Auxiliarao en cantos asuntos lle encomende.

Artigo 82º

O vicedecano que se atopase en substitución do decano emitirá os informes e certificacións que corresponderan e exercerá a presidencia das comisións e xuntas.

Sección sétima
Do tesoureiro e do vicesoureiro

Artigo 83º

O tesoureiro será o membro administrador e xestor da Xunta de Goberno sobre quen recaerá a responsabilidade de controlar todos os documentos de carácter económico cuxa utilización sexa obrigatoria para todos os colexiados, xestionando os fondos e demais recursos do colexio e establecendo os criterios máis adecuados para o seu correcto investimento. Os devanditos fondos estarán depositados no establecemento destinado para tal efecto pola propia Xunta de Goberno.

Artigo 84º

Correspóndelle ao tesoureiro:

1. A expedición das ordes de pagamento e libramentos para atender os gastos e investimentos colexiais, co visto e prace do decano.

2. Realizar os pagamentos, cobramentos e recadacións que correspondesen, por si mesmo ou mediante os empregados do colexio.

3. Levar os libros contables, tanto os que son destinados ao control de gastos e ingresos, como os que haberá que ter ao día por imposición das leis orzamentarias.

4. Levar o control das morosidades que se produzan, e darlle conta delas á Xunta de Goberno.

5. Autorizar coa súa sinatura os pagamentos que se deban facer, na forma que se estableza, e darlle conta deles á Xunta de Goberno.

6. Darlle conta trimestralmente á Xunta de Goberno do estado dos fondos que lle foron encomendados.

7. Formar e entregar conta xeral documentada de cada exercicio económico, que deberá render ante

a Xunta de Goberno, logo da súa presentación definitiva ante a Xunta Xeral ordinaria.

8. Formar, así mesmo, os orzamentos anuais de ingresos e gastos.

9. Facerlle entrega, dentro do prazo de 15 días, de todos os fondos, libros, contas e documentos ao tesoureiro que o suceda. Dentro do dito prazo, deberalle dar conta da súa xestión á Xunta de Goberno, para a súa posterior aprobación pola Xunta Xeral.

Artigo 85º

Corresponderalle ao vicesoureiro substituír o tesoureiro en ausencias, enfermidades e vacantes. Auxiliarao en cantos asuntos lle encomende.

Sección oitava Secretario e vicesecretario

Artigo 86º

Correspóndelle ao secretario:

1. Asistir a todas as xuntas de goberno e xerais que se celebran e estender e autorizar as súas actas, dar conta das anteriores, así como dos expedientes e asuntos que nelas deban tratarse.

2. Levar os libros de actas e acordos, e outro coas actas que conteñan os acordos de proceder disciplinariamente contra calquera Colexiado ou as correccións disciplinarias impostas, de ser o caso.

3. Estender e autorizar as certificacións e actas que se expidan e as comunicacións, convocatorias, circulares e disposicións que se dirixan por acordo do decano, da Xunta de Goberno ou da Xunta Xeral aos Colexiados.

4. Levar o rexistro de Colexiados, onde se farán constar os antecedentes individuais de cada un deles.

5. Formar expediente para cada Colexiado, ao que se unirán os documentos e antecedentes que sexan pertinentes.

6. Acompañar o decano-presidente, ou quen o substitúa, cando este desempeñe actos propios do Colexio, presida xuntas ou requira a súa presenza.

7. Ter ao seu cargo os arquivos e selos do Colexio.

8. Será o encargado da oficina Colexial e do persoal contratado polo Colexio, asumindo a xefatura do persoal administrativo e das dependencias do Colexio.

9. Levar a quenda de oficio e a quenda de xustiza gratuíta.

Artigo 87º

O vicesecretario auxiliará o secretario en cantas obrigas do cargo este lle solicite. Substituirao, ademais, en casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

Sección novena Réxime económico do Colexio

Artigo 88º

O exercicio económico do Colexio coincidirá co ano natural terá un orzamento anual ao que deberá

axustarse e levará unha contabilidade ordenada e detallada dos seus ingresos e gastos.

Todos os Colexiados poderán examinar as contas do Colexio durante os cinco días hábiles anteriores á data da celebración da Xunta Xeral que teña que resolver sobre elas.

Os ingresos do Colexio serán ordinarios e extraordinarios.

Serán ordinarios:

1. Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades, bens ou dereitos que conformen o patrimonio do Colexio, así como os rendementos dos fondos depositados nas súas contas.

2. As cotas de incorporación ao Colexio, que serán fixadas pola Xunta de Goberno, sen que poidan exceder das cantidades que para tal fin fixe o Consello Xeral.

3. Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno pola expedición de certificacións.

4. Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno pola emisión de ditames, resolucións, informes ou consultas sobre calquera materia, incluídas as referidas a dereitos, a petición xudicial ou extraxudicial, así como pola prestación doutros servizos Colexiais.

5. O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, así como as derramas Colexiais establecidas pola Xunta de Goberno e as cotas extraordinarias que aprobe a Xunta Xeral.

6. Calquera outro concepto que legalmente procedese.

Serán extraordinarios:

1. As subvencións ou doazóns que lle concedan ao Colexio o Estado, Comunidade Autónoma, corporacións oficiais, entidades ou particulares.

2. Os bens e dereitos de toda clase que, por herdanza, legado ou outro título pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.

3. As cantidades que, por calquera concepto, lle corresponda percibir ao Colexio de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 89º

Os gastos consistirán en:

1. Os soldos de persoal.

2. A adquisición de maquinaria, material diverso e publicacións que lles faciliten o labor profesional aos Colexiados.

3. As cotas de servizos, gastos de mantemento, material necesario para os traballos propios da secretaría e o que sexa necesario para o uso por parte dos profesionais.

4. Os que se causen por motivos da celebración anual ou calquera outro que poida acordarse e que determinará, de ser o caso, a Xunta de Goberno.

5. Os gastos de representación.

6. As prestacións en materia de previsión, axudas económicas, pensións e subvencións que se aprobasen.

7. As reformas, gastos de conservación e melloras das dependencias do colexio e das súas delegacións.

8. As cotas das obrigas contraídas.

9. Os de asesoramento técnico que se estimen necesarios, logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Artigo 90º

O patrimonio do colexio será administrado pola Xunta de Goberno, facultade que exercerá a través do tesoureiro e coa colaboración técnica que precise.

Os pagamentos serán ordenados polo tesoureiro co visto e prace do decano. O tesoureiro coidará da súa execución e de que sexan debidamente contabilizados.

Calquera colexiado terá dereito a obter a información que respecto a esta sección solicite do tesoureiro.

Sección décima

Dos delegados de partidos e das súas funcións

Artigo 91º

En cada partido xudicial poderá nomearse un delegado deste colexio, que será elixido entre os procuradores que exerzan nel.

Artigo 92º

Son funcións e obrigas dos delegados de partido:

1. Cumprir fiel e efectivamente cantas ordes lles encomenden as xuntas xerais, de goberno ou o decano.

2. Cumprir e facer cumprir a todos os colexiados do seu partido os estatutos, e darlle conta á xunta das infraccións cometidas.

3. Controlar as pólizas e/ou cotas variables e levar a cabo a inspección co tesoureiro ou membro da xunta en que este delegue.

4. Será o responsable da organización e funcionamento da oficina do traslado de copias e/ou recepción de notificacións da súa delegación, seguindo as instrucións que reciba da Xunta de Goberno.

Artigo 93º

Os delegados de partido formarán parte da Xunta de Goberno como vogais, con voz e voto.

TÍTULO II

Dos colexiados

Capítulo I

Do ingreso no colexio

Sección primeira

Clases e atribucións

Artigo 94º

Os colexiados serán os procuradores que, reunindo os requisitos necesarios, fosen admitidos como tales

para o exercicio da profesión no ámbito a que se refire o título I, artigo 1, alínea 2ª.

Artigo 95º

Os colexiados serán de tres clases:

1. Procuradores en exercicio.

a) Serán procuradores en exercicio os que estean incorporados ao Colexio de Ourense e cumpran os requisitos do artigo 10 do Estatuto xeral dos procuradores.

b) Como procurador exercente só se poderá pertencer ao Colexio de Procuradores de Ourense. A toda solicitude de incorporación xuntaráse a manifestación, expresa e escrita, de que, quen a formula non pertence, como exercente, a ningún outro colexio de procuradores.

2. Procuradores non-exercentes.

a) Poderá seguir pertencendo ao Colexio de Procuradores de Ourense e utilizar a denominación de procurador dos tribunais, engadindo sempre a expresión de non-exercente, quen cese no exercicio da profesión, ben sexa por incompatibilidade, ben por incapacidade ou por calquera outra circunstancia que non determine a baixa no colexio.

b) Quen se incorpore ao Colexio de Procuradores de Ourense poderá seguir dado de alta como non-exercente no colexio ou colexios aos que pertencese como exercente.

c) Só poderá ser admitido como colexiado non-exercente quen exercese con anterioridade, e de modo efectivo, a profesión de procurador dos tribunais.

d) Todos os procuradores non-exercentes están obrigados a pagar a cota que o Colexio de Ourense estableza para os colexiados desta clase.

e) Se un procurador non-exercente quere pasar a exercente, non deberá cumprir os requisitos previstos no artigo 96º deste estatuto.

f) Cando un procurador cause baixa no exercicio da profesión por xubilación e continúe no colexio na condición de non-exercente, poderá ser habilitado polo colexio para continuar tramitando os procedementos de toda índole en que interviñese, ata a finalización da correspondente instancia, por un prazo máximo de dous anos, pero non poderá aceptar a representación de ningunha persoa física ou xurídica en asunto novo con posterioridade á súa baixa por xubilación.

g) O procurador non-exercente que fose parte nun proceso poderá actuar por si mesmo ante o órgano xurisdiccional, sen necesidade de que outro procurador o represente. O procurador non-exercente poderá, tamén, desempeñar a representación procesual do seu cónxuxe ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

h) Para que resulte de aplicación o disposto na alínea anterior é necesario que:

a) O proceso se tramite no lugar de residencia do procurador non-exercente.

b) O procurador obteña a autorización previa da Xunta de Goberno do colexio correspondente ao partido xudicial en que teña lugar o preito. Sen prexuízo da resolución que debe ditar a Xunta de Goberno, o decano poderá habilitar, provisionalmente, ao solicitante ata que recaia resolución definitiva da Xunta de Goberno.

i) Nos casos a que se refiren as dúas alíneas anteriores deste artigo, o procurador poderá asumir simultaneamente a representación e a defensa, sempre que fose habilitado previamente polo colexio de avogados correspondente e concorran os requisitos que exixen as leis.

j) O procurador exercente poderá tamén asumir a dita defensa e representación nos mesmos casos e condicións que o non-exercente.

3. Procuradores honorarios.

Honorarios serán aqueles que, por concorrer na súa persoa unha serie de circunstancias ou actuacións relevantes para a nosa clase, a Asemblea Xeral acorde o seu nomeamento, que será honorífico e estará exento de calquera tipo de carga. En todo caso, este nomeamento deberá recaer, necesariamente, en persoas físicas.

Artigo 96º

O ingreso no Colexio de Procuradores de Ourense obterase mediante instancia dirixida ao decano, á que haberá que xuntar os seguintes documentos:

1. Certificación de nacemento.
2. Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
3. Título de licenciado en dereito.
4. Título de procurador dos tribunais.
5. Documentos que acrediten ter realizado o pagamento da cota de ingreso.
6. Ter formalizado o seu ingreso na Mutualidade de Previsión dos Procuradores de España, ou a súa alta no réxime especial de traballadores autónomos.
7. A fianza que se exige polos estatutos xerais.
8. Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das incompatibilidades que se determinan no artigo 109º destes estatutos.
9. Presentar xuramento ou promesa de cumprir ben e fielmente no desempeño da profesión, así como o acatamento das leis e estatutos.
10. Os demais requisitos que quedan reflectidos nos restantes artigos deste estatuto e do xeral.
11. Alta no Imposto de Actividades Económicas, ou no que, de ser o caso, o substitúa.

Artigo 97º

Non se dará curso a calquera solicitude que incumpra os anteriores requisitos, nin tampouco ás de quen fose sancionado disciplinariamente con suspensión ou expulsión e non obtivese a rehabilitación.

Artigo 98º

Correspóndelle á Xunta de Goberno, aprobar, suspender ou denegar as solicitudes de incorporación. A decisión adoptarase mediante resolución motivada tras as actuacións e informes que sexan pertinentes. A resolución que se dite será susceptible de recurso por vía administrativa e, de ser o caso, a xurisdiccional correspondente, de acordo co disposto nos artigos 116 e 118 do Estatuto xeral.

Non se lle poderá denegar o ingreso nesta corporación a quen reúna os requisitos de incorporación establecidos neste estatuto.

Artigo 99º

A Xunta de Goberno resolverá as solicitudes de ingreso nun prazo máximo dun mes.

Artigo 100º

O acto de toma de posesión celebrarase ante o decano ou autoridade xudicial competente e quen desexe asistir. O acto celebrarase mediante xuramento ou promesa, por parte do solicitante, de acatar a Constitución, os estatutos xerais, os estatutos autonómicos e estes estatutos, así como a observación en todo momento das correctas normas de comportamento profesional. De todo isto, o secretario levantará acta, que deberá ser asinada por este, o decano e o interesado.

1. O secretario do colexio comunicarlles, inmediatamente, as altas e baixas que se produzan na corporación a todos os xulgados e tribunais do seu territorio e, de ser o caso, ao Consello Galego de Procuradores, así como ao Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais. Igualmente, comunicará a situación que poida producirse en relación a procurador xubilado non-exercente respecto daqueles procesos ou procedementos en que continúe a representación do seu cliente ata a finalización da correspondente instancia, e comunicará a prohibición estatutaria de aceptar novas representacións procesuais con posterioridade á data da baixa por xubilación.

2. Se os xulgados e tribunais non tivesen constancia da comunicación do colexio na que apareza dado de alta, o propio procurador poderá exhibir certificación ou outro documento que acredite que está incorporado a ese colexio e habilitado para exercer no partido xudicial de que se trate.

Artigo 101º

1. A condición de colexiado perderase, e dará lugar á baixa inmediata:

- a) Por falecemento.
- b) Por cesamento voluntario no exercicio da profesión.
- c) Por falta de pagamento de tres recibos, de forma sucesiva ou alternativa, correspondentes ás cotas ordinarias, fixas ou variables, nun mesmo exercicio, ás extraordinarias e ás demais cargas colexiais, que se fará efectivo unha vez que sexa firme a resolución da Xunta de Goberno que acorde a baixa. Non obs-

tante, os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos pagando a cantidade debida máis os seus xuros ao tipo legal e, de ser o caso, o importe da sanción que se lle impoña.

d) Por sentenza firme que implique a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

e) Por sanción firme de expulsión do colexio acordada en expediente disciplinario.

f) Por alta noutro colexio de procuradores, salvo que pasase á condición de non-exercente naquel ao que pertencese anteriormente.

2. En todos estes casos, correspóndelle á Xunta de Goberno do colexio acordar a perda da condición de colexiado. O acordo adoptarase en resolución motivada que, unha vez firme, seralles comunicada ao Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais e, de ser o caso, ao Consello de Colexios da Comunidade Autónoma, así como aos órganos xurisdiccionais correspondentes.

Artigo 102º

De conformidade coa lexislación vixente, os xuíces e tribunais remitiranlle ao colexio de procuradores respectivo copia autorizada da sentenza condenatoria firme e, en xeral, calquera resolución que puidese levar implícita a inhabilitación ou suspensión profesional dun procurador, así como das resolucións polas que se corrixa disciplinariamente a un colexiado, e o dito colexio remitiralles copia dela ao Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais e, de ser o caso, ao Consello de Colexios da Comunidade Autónoma correspondente.

Artigo 103º

Cando o procurador acredite que desapareceron as causas de incapacidade ou incompatibilidade, poderá instar da Xunta de Goberno do colexio correspondente que se lle reincorpore á situación de exercente.

Capítulo II

Dos dereitos e obrigas dos colexiados

Artigo 104º

Os colexiados exercentes teñen dereito á protección que a Corporación ha de darlles no exercicio das súas funcións, nas súas relacións cos xulgados e tribunais, ante as autoridades gubernativas ou ante calquera outro tipo de organismo.

Artigo 105º

A todo tipo de información sobre a marcha do colexio, sempre que non contradiga o xa establecido, que se lles proporcionará con carácter profesional.

Artigo 106º

Os procuradores teñen dereito:

a) A solicitar dos órganos corporativos a protección da súa actuación profesional, da súa independencia e do seu libre criterio de actuación, sempre que

se axuste ao establecido no ordenamento xurídico e, en particular, ás normas éticas e deontolóxicas. Desde logo, poderán pedirilles aos cargos corporativos, expoñendo as razóns da súa petición, que se lles dea coñecemento aos órganos de Goberno do Poder Xudicial, xurisdiccionais ou administrativos da vulneración ou descoñecemento dos dereitos dos colexiados.

b) Á remuneración xusta e adecuada dos seus servizos profesionais conforme o arancel, que será respectada en relación cos seus herdeiros en caso de falecemento. En ningún caso se admitirá a fixación do pagamento que resulte incompatible coas normas arancelarias.

c) Aos devengos que procedan polas actuacións de carácter extraxudicial, todo iso segundo as regras do mandato.

d) Aos honores, preferencias e consideracións recoñecidos pola Lei á profesión, en particular, ao uso da toga cando asistan a sesións dos xulgados e tribunais e actos solemnes xudiciais, e a ocupar asento en estrados á mesma altura dos membros do tribunal, fiscais, secretarios e avogados.

e) A participar, con voz e voto, na Asemblea Xeral do seu respectivo colexio, a formular peticións e propostas, a acceder, en condicións de igualdade, aos cargos colexiais, na forma e requisitos que establezan as normas legais e estatutarias e aos demais dereitos que para os colexiados se contemplan no ordenamento xurídico aplicable.

f) A ser substituído, en calquera actuación procesual, por outro procurador exercente na mesma demarcación territorial.

g) Os procuradores poderán facer publicidade dos seus servizos e despachos de acordo co establecido na lexislación vixente.

h) Calquera procurador poderá solicitar a presenza no seu despacho do decano, ou de quen o substitúa, cando se leve a cabo nel calquera tipo de rexistro por parte da autoridade xudicial ou gubernativa, co fin de velar pola salvagarda do segredo profesional.

Artigo 107º

1. É deber do procurador desempeñar ben e fielmente a representación procesual que se lle encomende e cooperar cos órganos xurisdiccionais na alta función pública de administrar xustiza, actuando con profesionalidade, honradez, lealdade, dilixencia e firmeza na defensa dos intereses dos seus representados.

2. Nas súas relacións cos órganos administrativos e xurisdiccionais, cos seus compañeiros procuradores, co letrado e co seu mandante, o procurador conducirse con probidade, lealdade, veracidade e respecto.

3. Coa parte adversa manterá, en todo momento, un trato considerado e correcto.

Os colexiados exercentes virán obrigados:

4. Os procuradores, no seu exercicio profesional, percibirán os dereitos que fixen as disposicións arancelarias vixentes, que poderán ser obxecto de diminución ou incremento nun 12% cando así o acorden expresamente cos seus representados. A falta de pacto expreso en contrario, haberá que atermos estrictamente ao disposto nas disposicións arancelarias vixentes.

5. As xuntas de goberno poderán exixirlles aos seus colexiados que acrediten o cumprimento do disposto na alínea anterior, mesmo coa exhibición das facturas de suplidos e dereitos e o seu reflexo contable.

6. Son deberes específicos dos procuradores todos aqueles que lles impongan as leis de cara á adecuada defensa dos seus mandantes e á correcta tramitación dos procesos, e os demais que resulten dos preceptos orgánicos e procesuais vixentes.

7. Ademais, os procuradores están obrigados:

a) A levar un libro de coñecemento de negocios pendentes e outro de contas cos litigantes. O mantemento destes libros poderá facerse por medios informáticos.

b) Render contas ao cliente, especificando e detallando as cantidades percibidas deste, aclarando os pagamentos realizados en beneficio do seu mandante e precisando con minuciosidade os diversos conceptos e o seu importe exacto.

c) Satisfacer, dentro dos prazos sinalados, as cotas ordinarias ou extraordinarias acordadas polo colexio, o Consello de Colexios da Comunidade Autónoma, de ser o caso, e o Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais, así como as demais cargas obrigatorias, entre elas as que correspondan á Mutuality de Previsión Social de los Procuradores de los Tribunales de España.

d) Denunciar ante o colexio todo acto que chegue ao seu coñecemento que implique exercicio ilegal da profesión ou que sexa contrario aos estatutos.

e) Darlle coñecemento ao colexio de calquera acto que afecte a independencia, liberdade ou dignidade dun procurador no exercicio das súas funcións.

f) Manter reserva das conversacións e correspondencia co seu mandante e co letrado deste, así como co procurador e o letrado da parte adversa, e con esta, con prohibición de revelalos ou facer uso, en xuízo ou fóra del, sen o seu consentimento previo.

g) Ningún procurador poderá constituírse en parte en calquera proceso que previamente estea a levar outro compañeiro sen o consentimento deste, nin intervir na xestión de asuntos, nin pedir nin dar noticia referente a estes sen solicitar e obter previamente o consentimento daquel que leva a representación.

h) Cumprir as normas legais, estatutarias, deontolóxicas e os acordos dos diferentes órganos corporativos.

i) Manter despacho profesional aberto na demarcación xudicial en que teñan a súa sede os órganos xurisdiccionais da demarcación territorial na que estea habilitado para o exercicio da profesión.

j) Comunicar, no momento da súa incorporación ao correspondente colexio, o seu domicilio e demais datos que permitan a súa fácil localización. Tamén deberá comunicarlle ao colexio calquera cambio de domicilio e do despacho profesional.

k) Acudir aos xulgados e tribunais ante os que exerza a profesión, ás salas de notificacións ou de servizos comúns e aos órganos administrativos para oír e asinar os emprazamentos, citacións e notificacións de calquera clase que se lle deban realizar.

l) Gardar segredo sobre cantos feitos, documentos e situacións relacionados cos seus clientes dos que tivese coñecemento por razón do exercicio da súa profesión. Esta obriga de gardar segredo refírese tamén aos feitos que o procurador coñecese na súa calidade de membro da Xunta de Goberno do colexio ou dun Consello de Colexios de Comunidade Autónoma ou do Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais. A obriga de gardar segredo tamén inclúe os feitos dos que tivese coñecemento como procurador asociado ou colaborador doutro compañeiro. Cando invoque o segredo profesional, o procurador poderá ampararse nas leis reguladoras do seu exercicio para reclamar o pleno respecto do seu dereito segundo a lei.

m) Os colexiados exercerán levarán a cabo, obrigatoriamente, a representación na quenda de oficio sempre que así o dispoña a lei, e poderán encargar diso a outro compañeiro, logo da aceptación previa por parte deste, en cuxo caso se lle dará coñecemento á Xunta de Goberno.

n) Ningún colexiado poderá encargarse das quendas de oficio que correspondan a máis de dous compañeiros, ademais do seu propio.

8. A respectar escrupulosamente as normas arancelarias, sen que poidan ofrecer os seus servizos con rebaixas ou descontos.

Artigo 108º

Aos procuradores dos tribunais estalles prohibido:

1. Exercer a procuración estando incursos en causa de incompatibilidade.

2. Prestar a súa sinatura a quen, por calquera causa, non poida exercer como procurador.

3. Manter vínculos asociativos ou laborais de carácter profesional con profesionais que impidan o correcto exercicio da procuración ou que poñan en perigo o segredo profesional.

4. Toda actuación en fraude de lei que directa ou indirectamente pretenda burlar as anteriores prohibicións.

Artigo 109º

1. A profesión de procurador é incompatible:

a) Co exercicio da función xudicial ou fiscal, calquera que sexa a súa denominación e grao, co desempeño do secretariado dos xulgados e tribunais e con todo emprego e función auxiliar ou subalterna en órgano xurisdiccional.

b) Co exercicio da profesión de axente de negocios, xestor administrativo, graduado social e calquera outra cuxa propia normativa reguladora así o especifique.

c) Co desempeño de cargos, funcións ou empregos públicos nos órganos institucionais do Estado, da Administración de xustiza e das administracións públicas e os organismos públicos dependentes delas.

d) Con calquera emprego remunerado nos colexios de procuradores e avogados.

2. Nos supostos de exercicio simultáneo con outras profesións ou actividades compatibles respectarase o principio de intermediación e asistencia a xulgados e tribunais en horas de audiencia.

3. O procurador que incorra nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas no artigo anterior estará obrigado a comunicarllo, sen dilación, á Xunta de Goberno do colexio e a cesar, inmediatamente, na situación de incompatibilidade.

4. Cando a Xunta de Goberno advirta que algún dos seus colexiados exerce a profesión contravindo as prohibicións a que se refire o artigo 108, ou que se atopa incurso nalgunha das condicións de incompatibilidade a que se refire o artigo 109 deste estatuto, requirirao para que, no prazo de 15 días, regularice a súa situación. Transcorrido o prazo sen atender o requirimento, a Xunta de Goberno acordará, mediante resolución motivada, a suspensión do procurador no exercicio activo, e comunicarlle aos xulgados e tribunais que corresponda.

A suspensión levantaraa a Xunta de Goberno no momento en que o interesado acredite que desaparecieron a causa de incompatibilidade ou as circunstancias nas que se fundaba a prohibición.

Artigo 110º

1. O procurador absterase de exercer a súa profesión ante:

a) O órgano xudicial onde desempeñe a función de maxistrado ou xuíz o cónxuxe ou persoa que con el conviva en relación asimilable, ou un familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou primeiro de afinidade.

b) Os órganos xurisdicionais en que o secretario, oficiais, auxiliares ou axentes xudiciais se atopen co procurador na mesma relación descrita no parágrafo anterior.

c) Os órganos administrativos a cargo do cónxuxe ou persoa vinculada por unha análoga relación de

afectividade, ou un familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou primeiro de afinidade.

2. Cando a relación conxugal ou asimilable, ou de parentesco, se produza entre o procurador e oficiais, auxiliares ou axentes xudiciais, o Colexio de Procuradores daralle coñecemento ao órgano xurisdiccional, segundo o estipulado na Lei orgánica do poder xudicial.

3. O procurador que se atope nalgunha das causas de abstención citadas no artigo anterior estará obrigado a comunicarllo, sen dilación, á Xunta de Goberno do colexio e ao órgano xurisdiccional ante o que aquela se produza, e cesará inmediatamente na representación que desempeñe.

Esta circunstancia, de ser o caso, poderá ser posta de manifesto pola parte adversa.

Capítulo III

Das ausencias e substitucións

Artigo 111º

1. O procurador non se poderá ausentar da súa demarcación territorial por un tempo superior a quince días sen llo comunicar ao decano. Na comunicación deberá indicar o procurador ou procuradores que o substituirán e deixar constancia da conformidade dos substitutos.

2. Cando a ausencia fose superior a trinta días, será necesaria autorización previa do decano, quen tramitará, conxuntamente, a petición do procurador que pretende ausentarse e a aceptación dos seus substitutos. Concedida a autorización para ausentarse, o decano comunicarllo á autoridade xudicial correspondente.

3. As actuacións procesuais, para os efectos de substitucións, rexeranse polo disposto no artigo 30 do Estatuto xeral.

Artigo 112º

1. A autorización para ausentarse concederáse por un prazo máximo de seis meses, pero poderá prorrogarse por outros seis meses en casos xustificadas.

2. Concluído o prazo polo que se concedeu a autorización para ausentarse e, de ser o caso, a súa prórroga, o procurador deberá reintegrarse ao exercicio da súa actividade profesional, comunicarllo inmediatamente ao decano do colexio, e este ás autoridades xudiciais.

Artigo 113º

1. Se a incorporación non se producise en tempo, entenderase que o procurador abandona o exercicio da profesión, e a Xunta de Goberno, logo dun expediente previo, procederá a dalo de baixa no Colexio de Procuradores e comunicarlle ás autoridades xudiciais.

2. Contra este acordo, o interesado poderá interpoñer recurso nos termos previstos neste estatuto.

3. O procurador que causase baixa por este motivo poderá reintegrarse, en calquera momento, ao colexio, pero deberá acreditar que reúne todos os requisitos que nese momento se lles exixan aos colexiados de nova incorporación.

Artigo 114º

Se o procurador enfermase, de forma repentina, sen designación previa de substituto, o decano do colexio, tan pronto como teña coñecemento do feito, designará, de entre os procuradores da mesma demarcación territorial, a aquel ou aqueles que interinamente substituirán o enfermo ata que o mandante resolva o que coide oportuno, e comunicarlles a designación realizada aos tribunais e xulgados correspondentes.

En caso de falecemento do colexiado, a Xunta de Goberno do colexio fará o nomeamento de quen se encargará da liquidación do seu despacho, a petición dos herdeiros ou, subsidiariamente, do decano.

O cesamento do procurador na representación do seu cliente rexeráse polas normas procesuais e estatutarias.

Artigo 115º

Os procuradores poderán ser substituídos, no exercicio da súa profesión, por outro procurador da mesma demarcación territorial, coa simple aceptación do substituto, manifestada na asistencia ás dilixencias e actuacións, na sinatura de escritos ou na formalización do acto profesional de que se trate. Para que opere a substitución entre procuradores non é necesario que o procurador substituto se atope facultado no apoderamento do procurador substituído, nin que o procurador substituído acredite a necesidade da substitución. En todo caso, as substitucións de procuradores rexeráse polas normas de contrato de mandato contempladas no Código civil e na Lei orgánica do poder xudicial.

Os procuradores tamén poderán ser substituídos, nas asistencias, dilixencias e actuacións, polo seu oficial habilitado na forma que regulamentariamente se estableza, de acordo co previsto na Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 116º

1. O procurador que acepte a representación nun asunto no que estea a intervir ou interviñese outro compañeiro na mesma instancia está obrigado a satisfacer os suplidos e dereitos devengados no momento da substitución, sen que iso limite o dereito do cliente a efectuar a substitución entre procuradores. Se non houbese acordo entre os procuradores, o importe das cantidades será fixado pola Xunta de Goberno do colexio.

2. O procurador que cese na representación está obrigado a devolver a documentación que estea no seu poder e a facilitarlle ao novo procurador a información que sexa necesaria para continuar no eficaz exercicio da representación procesual do mandante.

Artigo 117º

Os colexiados dunha mesma demarcación territorial poderán asociarse para o exercicio da súa profesión na forma e condicións que teñan por conveniente, dando conta diso ao Colexio de Procuradores de Ourense. A asociación farase pública por medio de placas ou cabeceiras nas que figurarán o nome e apelidos dos asociados. A forma de asociación deberá permitir a identificación dos seus integrantes, haberá de se constituír por escrito e inscribirse, para os efectos de publicidade e do exercicio das competencias colexiais, no rexistro especial que consta no colexio. Neste rexistro inscribíranse a súa composición e as altas e baixas que se produzan.

Os procuradores asociados non poderán asumir, en ningún caso, a representación daqueles litigantes que teñan posicións procesuais contrapostas, ou cando advirtan que existe ou poida producirse conflito de intereses entre os seus representados.

Para a mellor salvagarda do segredo profesional e das relacións de compañeirismo, poderán someterse á arbitrase colexial as discrepancias que puidesen xurdir entre os membros dun despacho colectivo a causa do seu funcionamento, separación ou liquidación.

Presumiranse como asociados aqueles procuradores que exerzan no mesmo despacho.

Capítulo IV Dos oficiais habilitados

Artigo 118º

Serán requisitos para ser oficial habilitado dun procurador do Colexio de Ourense os seguintes:

1. Escrito do colexiado, dirixido ao decano-presidente do Colexio de Procuradores, no que solicita a habilitación do aspirante.

2. Ser maior de idade (fotocopia do DNI ou certificado de nacemento) e estar en posesión da certificación de acceso aos estudos universitarios, selectividade, reválida ou título equivalente. Deberase acreditar que as titulacións académicas foron obtidas en España, ou que están recoñecidas ou homologadas polo Estado español.

3. Dúas fotografías tamaño carné.

4. Carta do aspirante a oficial na que solicite autorización para se presentar aos exames.

5. Achegar certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

6. Presentar declaración xurada do interesado de que non foi procesado, nin condenado, en causa criminal, salvo en delitos culposos.

7. Presentar declaración xurada do interesado de que non está incurso en ningunha das incompatibilidades establecidas para o exercicio da profesión de procurador dos tribunais polo artigo 24 do Estatuto xeral dos procuradores dos tribunais do 5 de decembro de 2002.

8. Levar un mínimo dun ano efectivo desenvolvendo servizo laboral no despacho do procurador dos tribunais; isto acreditarase mediante xustificación de estar dado de alta na Seguridade Social como o seu empregado a xornada completa e do pagamento das cotas correspondentes durante o período indicado (fotocopias dos impresos TC1 e TC2 dos últimos doce meses ou certificación expedida pola Seguridade Social).

Establécese unha excepción con respecto aos aspirantes a oficial habilitado que sexan familiares do procurador ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, no sentido de que, ao estar exentos no réxime da Seguridade Social, non terán que acreditar o feito de levar un ano dados de alta no citado réxime.

Os ditos aspirantes familiares que queiran optar á súa habilitación como oficiais deberán ser dados de alta polo procurador no libro rexistro establecido para o efecto na secretaría do colexio, o colexio ratificará, cada seis meses, que o referido aspirante segue traballando no seu despacho e pretendendo ser dado de alta como oficial habilitado. Unha vez transcorrido o ano previsto no regulamento, e presentada a documentación requirida, poderán optar ao exame final sobre coñecementos básicos da función de oficial habilitado, e así acceder á consecución do carné que os acredite como tales, unha vez superada, loxicamente, esta última proba.

9. Superar un exame sobre coñecementos básicos da función de oficial habilitado, con base no programa que elabore a Xunta de Goberno. A este exame convidarase a asistir ao procurador propoñente.

Non eximirá do dito exame o feito de ter realizado con anterioridade labores de oficial habilitado no ámbito territorial doutro colexio, para o mesmo ou distinto procurador.

10. Se o aspirante non superase a proba a que se refire o parágrafo anterior, non poderá presentarse a unha nova convocatoria ata que transcorresen seis meses desde que realizou o exame anterior. O Colexio de Procuradores levará un libro rexistro de solicitudes e datas das convocatorias de exame. Así mesmo, elaborará un programa segundo o cal serán examinados os aspirantes a oficial habilitado. As convocatorias deberán ter lugar cada seis meses, sempre que houbese aspirantes, ou cando a Xunta de Goberno o estime oportuno polo número de solicitantes. O tribunal examinador estará composto por cinco membros, elixidos de entre os procuradores en exercicio e oficiais habilitados, en número de tres procuradores e dous oficiais habilitados, que serán designados pola Xunta de Goberno.

Así mesmo, poderán obter o carné de oficial habilitado aquelas persoas que estean en posesión do título de licenciado en dereito; deberán cumprir os requisitos a que se refiren os números 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8 e 9 antes indicados e acreditar a súa licenciatura. Os ditos aspirantes estarán exentos de exa-

me, e expediráselles o carné logo do acordo previo da Xunta de Goberno.

Cada procurador non poderá ter máis de tres oficiais habilitados.

Artigo 119º

Cando aínda non existisen en exercicio, no momento da convocatoria do primeiro exame, oficiais habilitados, por excepción, o tribunal estaría composto por procuradores, aínda que na seguinte convocatoria, de haber xa oficiais habilitados, entrarían en vigor as presentes normas.

Artigo 120º

Os oficiais habilitados que se atopen en posesión do carné correspondente, expedido polo colexio, no momento de entrada en vigor destes estatutos conservarán os seus dereitos adquiridos, polo que non lles serán de aplicación estes no referente á obtención do carné, aínda que si no relativo ao artigo seguinte.

Artigo 121º

Os procuradores dos tribunais serán responsables, civil e disciplinariamente, da actuación dos seus oficiais habilitados.

Seránlles de aplicación aos oficiais habilitados os artigos 108, 109 e 110 deste estatuto, relativos a prohibicións, incompatibilidades e causas de abstención, cuxos efectos se estenderán ao procurador ao que asista.

TÍTULO III

Do réxime de responsabilidade dos colexiados

Capítulo I

Potestade e infraccións

Artigo 122º

1. Os procuradores exercentes neste colexio están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos e faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

2. Tamén están suxeitos a responsabilidade civil cando por dolo ou negligencia danasen os intereses cuxa representación lles fose confiada, responsabilidade que será exixible segundo a lexislación ordinaria ante os tribunais de xustiza, podendo establecerse legalmente o seu seguro obrigatorio.

3. Cando o procurador coide necesario salvar a súa responsabilidade, en atención aos termos utilizados polo letrado director dun procedemento, no documento asinado por este, poderá antepoñer á súa sinatura a expresión «para o único efecto de representación».

4. Os colexiados están tamén suxeitos a responsabilidade disciplinaria se infrinxen os deberes profesionais que lles son específicos.

5. As sancións disciplinarias de calquera clase, unha vez firmes, anotaranse no expediente persoal de cada colexiado.

Artigo 123º

A potestade disciplinaria sobre os Colexiados exercerase nos seguintes casos:

a) Vulneración de preceptos do Estatuto xeral ou dos contidos nos deste Colexio ou nos do Consello Galego de Procuradores.

b) Vulneración dos deberes profesionais ou normas deontolóxicas de conduta en canto afecten a profesión.

c) Comisión de feitos que o concepto público teña por infamantes e que fagan ao inculcado indigno de pertencer a este Colexio, sexan ou non constitutivos de infraccións ou doutra índole.

Artigo 124º

Os acordos de suspensión por mais de seis meses ou de expulsión deberán ser tomados pola Xunta de Goberno, en votación secreta, e aprobados polos dous terzos desta.

Artigo 125º

As infraccións consistentes en accións ou omisións ás que se refire a alínea a) do artigo anterior clasificaranse en leves, graves e moi graves, e as relativas ás alíneas b) e c) clasificaranse sempre en moi graves.

Artigo 126º

1. Son infraccións ou faltas leves:

As accións ou omisións que supoñan incumprimento xeral dos deberes estatutarios, non considerados especificamente como graves ou moi graves.

a) A falta de respecto aos membros da Xunta de Goberno, no exercicio das súas funcións, cando non constituía infracción moi grave ou grave.

b) A negligencia no cumprimento das normas estatutarias.

c) As infraccións leves dos deberes que a profesión impón.

2. Son infraccións ou faltas graves:

a) O incumprimento grave das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polo órgano Colexial no ámbito da súa competencia, así como o reiterado incumprimento da obriga de atender as cargas Colexiais previstas nestes estatutos, salvo que constituía infracción de maior gravidade.

b) A falta de respecto, por acción ou omisión, aos compoñentes da Xunta de Goberno do Colexio.

c) Os actos de desconsideración manifesta cara aos compañeiros no exercicio da actividade profesional.

d) A competencia desleal, cando así fose declarada polo órgano competente, e a infracción do disposto na normativa aplicable sobre publicidade, cando non constituía infracción moi grave.

e) Os actos e omisións descritos nas alíneas d), e), f) e g) do punto seguinte, cando non tivesen entidade suficiente para ser considerados como moi graves.

3. Son infraccións moi graves.

a) A reincidencia en falta grave dentro do prazo de cinco anos.

b) As sinaladas nestes estatutos.

c) O pacto de *cota litis*.

d) A infracción das prohibicións e das incompatibilidades contempladas nos estatutos.

e) A publicidade de servizos profesionais que incumpra os requisitos que resulten de aplicación e sempre que a conduta revista especial gravidade.

f) A condena dun Colexiado en sentenza firme pola comisión, no exercicio da súa profesión, dun delito doloso.

g) Os actos, expresións ou accións que atenten contra a dignidade ou honra das persoas que integran a Xunta de Goberno, o Consello Xeral ou o das comunidades autónomas.

h) O encubrimento da intrusión profesional, así como o exercicio de profesións Colexiadas alleas á procuración realizada por procuradores.

i) A cooperación ou consentimento a que o mandante a quen representou o procurador se apropie de dereitos correspondentes ao procurador e aboados por terceiros.

j) A comisión de actos que constituían ofensa grave á dignidade da profesión ou ás regras deontolóxicas que a gobernan.

k) O incumprimento da obriga de ter despacho aberto e efectivo na demarcación territorial onde o procurador está habilitado, se non atendese o requirimento previo feito para estes efectos polo Colexio.

l) Non acudir aos órganos xurisdicionais nin aos servizos comúns de notificacións, reiteradamente e sen causa xustificada.

m) Deixar de satisfacer, dentro dos prazos sinalados, tanto as cotas ordinarias como extraordinarias, fixas ou variables, acordadas polo Colexio, así como as demais cargas Colexiais a que estivesen obrigados os Colexiados.

n) A non-aplicación das disposicións arancelarias sobre devengo de dereitos en calquera actuación profesional por conta allea.

Artigo 127º

As faltas e as sancións prescribirán:

a) As leves, ao ano.

b) As graves, aos dous anos.

c) As moi graves, aos tres anos.

Os prazos anteriores computaranse, en canto ás faltas, en todo caso, a partir da data da comisión

dos feitos constitutivos de infracción, e interromperanse pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, coincidindo este momento co acordo de iniciación.

No caso das sancións, a prescrición por falta de execución destas comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que gañase firmeza a resolución sancionadora. Cando o sancionado quebrante o seu cumprimento, comezará a contar desde a data do quebrantamento.

Capítulo II Das sancións

Artigo 128º

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extingúese polo cumprimento da sanción, o falecemento do colexiado, a prescrición da falta e a prescrición da sanción.

2. A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e a sanción quedará en suspenso, para ser cumprida se o colexiado causase alta nun colexio.

Artigo 129º

As sancións aplicables ás infraccións tipificadas nos artigos anteriores son as seguintes:

1. Ás infraccións leves:

- a) Amoestación verbal.
- b) Apercibimento por escrito.
- c) Multa de 150 a 1.500 €.
- d) Represión privada.

2. Ás infraccións graves:

Suspensión dun a seis meses, e co deber de satisfacer, previamente á reincorporación do interesado, cantas prestacións, cotas ou cargas tivese pendentes de pagamento.

3. Ás infraccións moi graves:

- a) Suspensión de seis meses a dous anos.
- b) Expulsión.

Para cada gradación de sancións tomaranse en consideración, en todo caso, as circunstancias obxectivas do feito e as subxectivas do seu autor, e moderaranse ou gravaranse as responsabilidades deste segundo a concorrencia das ditas circunstancias.

Capítulo III Do procedemento sancionador

Artigo 130º

A responsabilidade disciplinaria será exixida pola Xunta de Goberno, logo da incoación previa de expe-

diente con audiencia do interesado e valoración das probas que se practiquen, a instancia deste ou de oficio polo instrutor.

A Xunta de Goberno designará de entre os seus membros xuíz instrutor e secretario, e o expediente tramitarase con suxeición ás normas contidas nestes estatutos, así como no regulamento que se desenvolva e na demais lexislación concordante, adecuándose ao establecido na lexislación autonómica.

Os órganos con competencia sancionadora poderán acordar, mediante resolución motivada, a suspensión precautoria no exercicio profesional do procurador fronte a quen se siga procedemento sancionador.

Artigo 131º

As sancións de suspensión por máis de seis meses e de expulsión, imporanse, de ser o caso, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno en votación secreta e por maioría das dúas terceiras partes dos seus membros, adecuándose ao establecido na lexislación autonómica.

A esta sesión deberán asistir obrigatoriamente todos os seus compoñentes e, aínda que para a validez da constitución desta para os efectos de quórum non constituirá vicio ou defecto a ausencia dalgún ou dalgúns dos seus compoñentes, a falta de asistencia inustificada será causa para o cesamento no cargo.

Artigo 132º

Cando o inculpado fose membro da Xunta de Goberno ou do Consello Galego de Procuradores, será este o competente para instruír e resolver o preceptivo expediente, adecuándose ao establecido na lexislación autonómica.

Artigo 133º

Contra as sancións impostas pola Xunta de Goberno, o interesado poderá interpoñer recurso dealzada ante o Consello Galego de Procuradores, cuxo réxime se axustará ao establecido ao respecto na Lei de procedemento administrativo.

Artigo 134º

A Xunta de Goberno remitiralle ao Consejo General de los colegios de Procuradores de los Tribunales de España certificación dos acordos de sanción ditados en materia de responsabilidade disciplinaria por faltas graves e moi graves.

Artigo 135º

O disposto neste capítulo enténdese sen prexuízo das facultades que competen aos xulgados e tribunais.

Artigo 136º

A secretaría levará un libro reservado no que se anotarán as correccións que se lles impoñan aos colexiados, expresando os motivos destas.

TÍTULO IV

Do procedemento de disolución e réxime de liquidación do colexio

Artigo 137º

1. A disolución do Colexio Provincial de Procuradores de Ourense producirase cando veña determinada por disposición legal, estatal ou autonómica; será acordada pola Xunta Xeral, convocada para o efecto, e para a súa aprobación será necesaria a asistencia de, polo menos, tres quintas partes dos colexiados e o voto favorable da maioría absoluta dos asistentes. O acordo comunicaráse á consellería competente da Xunta de Galicia en materia de colexios profesionais, ao Consello Xeral dos Procuradores dos Tribunais de España e ao Consello Galego de Procuradores.

2. A Xunta Xeral, coa asistencia, polo menos, de tres quintas partes dos colexiados e co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes, decidirá sobre o destino do patrimonio colexial e designará unha comisión encargada de liquidalo.

Disposición transitoria

A entrada en vigor destes estatutos non afectará aos dereitos adquiridos dos colexiados e aspirantes inscritos antes da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor deste estatuto queda derrogado o anterior Estatuto do Colexio de Procuradores dos Tribunais de Ourense do 14 de decembro de 1983, e cantas disposicións se opoñan ao establecido neste.

Disposición final

Este estatuto foi aprobado pola Xunta Xeral do Colexio de Procuradores dos Tribunais de Ourense, convocada para este efecto, o dezasete de decembro de dous mil catro.

Orde do 29 de marzo de 2006 pola que se dispón a encomenda á Secretaría Xeral da Presidencia da xestión do persoal dos distintos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e en prol dunha maior eficacia na xestión do persoal dependente dos órganos supe-

riores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establecidos no Decreto 231/2005, do 11 de agosto, de acordo co disposto na disposición adicional primeira do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

As competencias en materia de persoal relativas ao persoal dependente dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia xestionaranse a través da Secretaría Xeral da Presidencia.

A xestión que se encomenda respecto do persoal concrétese nas seguintes actuacións, co alcance que en cada caso se sinala:

a) Xestión dos expedientes administrativos do persoal, incluíndo as dilixencias nos títulos administrativos, de toma de posesión, cesamento, readscripcións e outras.

b) Xestión da nómina do persoal, que inclúe a tramitación de partes de variación, a súa confección, xustificación e pagamento.

c) Xestión da cobertura temporal de postos.

d) Xestión de persoal eventual, incluíndo nomeamento e cesamento.

e) Provisión de postos de traballo polo sistema de libre designación, que inclúe a súa convocatoria e nomeamento.

f) Adscripción provisional do persoal que, cesando en postos dependentes das secretarías xerais da Presidencia, queden na situación prevista no artigo 62.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública da Xunta de Galicia.

g) Tramitación de reclamacións previas á vía xudicial laboral e recursos en materia de persoal.

h) Xestión e autorización de permisos, vacacións e licenzas.

i) Autorización de asistencia a cursos de formación.

j) Elaboración e tramitación da proposta de relación de postos de traballo.

k) Réxime disciplinario, a excepción da separación de servizo.

l) Informes en materia de incompatibilidades.

Artigo 2º

A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade das competencias.

Artigo 3º

A presente encomenda estará vixente en tanto en canto se manteña a súa habilitación regulamentaria.